



**FUNDACIÓN ENCLAVE**

Apartado correos 1915  
36200 VIGO

[www.fundacionenclave.org](http://www.fundacionenclave.org)  
[info@fundacionenclave.org](mailto:info@fundacionenclave.org)

## **LINGUA E CIDADANÍA PARA AS PERSOAS XORDAS**

A lingua de sinais é un código de comunicación visual que desenvolveron as persoas xordas de xeito natural para racharen co seu illamento a respecto da comunicación oral, de feito os xordos defínense a sí mesmos de xeito positivo como persoas visuais. A lingua de signos, lingua de sinais ou lingua xestual, segundo as denominacións máis habituais no mundo lusófono, é unha adaptación creativa das persoas xordas á súa eiva auditiva, unha resposta cultural a un fenómeno biolóxico, cuxa gramática se organiza no espazo a través dos xestos da cara e dos movementos das mans, compensando a falta de audición e garantindo o seu desenvolvemento lingüístico e cognitivo. Existe o mito de que as linguas de sinais son universais, pero sería moi inxenuo pensar que xordos das partes máis alonxadas do mundo que non mantiveron nunca contacto entre sí, signen o mesmo idioma, teñan acordado os mesmos significantes para idénticos significados. No entanto, as linguas de sinais son produtos culturais xermolados ao longo da historia, e hai tantos idiomas como comunidades de xordos sobre a face da terra, e porén variantes dialectais. Aínda en Galiza hai diferenzas entre Vigo, Lugo e Compostela, por citaren un exemplo. Tampouco gardan relación coas linguas orais de cada país nin son meras transliteracións como algúns pensan, se non que as súas estruturas responden a unha lóxica cultural propia dos xordos, e o alfabeto dactilolóxico só se usa para deletrear nomes propios; moitos dos signos son visualmente icónicos, mais tamén moitos son arbitrarios sen relación co significado. A comunidade xorda é unha minoría sociolingüística cunha cultura propia, mais esta consideración dos xordos aínda non ten moita predica, a xordeira segue a considerarse maiormente como unha deficiencia ou unha discapacidade. En case todo o mundo, a educación dos xordos esta dominada por unha pedagogía terapéutica centrada en curar aos xordos da súa doenza a través dunha metodoloxía oralista que ten como obxectivo que os xordos aprendan a falar, e deste xeito se “integren” na sociedade baixo o imperativo de adaptarense á orde social dominante e de parecerense aos ouvintes. Pero este modelo ten dado moi fracos resultados na adquisición da linguaxe e mesmo das destrezas orais, xa que está baseado na negación sistemática da propia resposta dos xordos á súa xordeira, proscribindo o uso da lingua de sinais no currículo escolar e negando a súa utilidade como ferramenta na educación dos xordos, deixando o seu uso limitado aos patios dos colexios, e creando unha marxinação lingüística que priva non só da lingua, senon do acceso á mesma linguaxe como canle para vehicular pensamento, coñecemento e comunicación interpersonal. No modelo oralista dominante os xordos aprenden a producir sons e fonemas, mais con grande dificultade e esforzo conseguen interiorizar significados e adquirir unha boa competencia oral ou de lectura nos beizos.



**FUNDACIÓN ENCLAVE**

Apartado correos 1915  
36200 VIGO

**[www.fundacionenclave.org](http://www.fundacionenclave.org)**  
**[info@fundacionenclave.org](mailto:info@fundacionenclave.org)**

Para agravar esta situación, a LOXSE decretou no seu día a disolución de moitos centros específicos para xordos e a “integración” preferente en centros ordinarios, o cal ten significado a dispersión dos alumnos xordos –un aquí e outro acolá–, que ao non entraren en contacto uns cos outros, perderon a oportunidade de adquisición da lingua de sinais no contexto informal das relacións entre iguais na escola, quedando privados de acceso á linguaxe; nestas circunstancias a xordeira pode converterse nunha terríbel discapacidade. Os resultados están á vista, os xordos en Galiza acadan moi pobres resultados educativos e baixos niveis de inserción sociolaboral ao remate da etapa escolar que configuran unha situación de risco de exclusión social, só atenuada polo traballo que desenvolven neste eido as asociacións de xordos e a propia Federación de Asociacións de Xordos do País Galego. O feito da educación terense convertido no principal atranco ao desenvolvemento social das persoas xordas explica que en todo o mundo teña sido esta a loita principal do seu movemento asociativo, que ten centrado a meirande parte dos seus esforzos políticos en mudar esta realidade para conquistar o dereito a unha educación bilingüe que incorpore no currículo escolar a lingua de sinais como primeira lingua, e como segundas linguas as orais que sexan obrigatorias. As súas reivindicacións fican a medio camiño entre o discurso da discapacidade –que exige o artellamento de respostas desde a política social– e un discurso culturalista –que se insire na corrente das linguas minoritarias e dos nacionalismos periféricos emancipatorios que xurden en resposta a procesos históricos de marxinação lingüística e cultural–. Unha das loitas históricas do movemento asociativo xordo ten sido a defensa da lingua propia, da cultura e da identidade xorda, e dende esta perspectiva a exixencia do recoñecemento oficial da lingua de sinais ao mesmo nivel que as outras linguas oficiais do Estado, asemade, no noso caso, o Galego, Euskera, Catalán e Castelán. Este tipo de recoñecemento existe en Finlandia, onde a Lingua de Signos Finlandesa é a lingua vehicular no ensino, e a base sobre a que se construe a aprendizaxe do finlandés oral e dunha outra lingua oral extranxeira, o inglés. Tanto o finlandés oral coma o inglés, son adquiridos con facilidade polos xordos como segundas linguas, acadando moita mellor competencia que nas metodoloxías oralistas. Este modelo de educación bilingüe ten amosado resultados moi positivos: os xordos acadan altos niveis educativos e de inserción laboral que os homologan ao resto da poboación do país e conformando unha situación de verdadeira igualdade de oportunidades. Mesmo en Portugal, aínda que a realidade educativa dos xordos non é de todo favorábel e segue dominada polo oralismo, a Constitución recoñece no seu artigo 74 a Língua Gestual Portuguesa como “instrumento de expresión cultural e de acceso á educación e á igualdade de oportunidades”. É de salientar que o pasado 16 de setembro o Consello de Ministros aprobou remitir ao parlamento



**FUNDACIÓN ENCLAVE**

Apartado correos 1915  
36200 VIGO

[www.fundacionenclave.org](http://www.fundacionenclave.org)  
[info@fundacionenclave.org](mailto:info@fundacionenclave.org)

un anteproxecto de lei que recoñece a Lingua de Signos Española (LSE) – modalidade común signada no Estado– e garante o dereito á súa aprendizaxe, coñecemento e uso, así como a creación de centros de ensino bilingües, contemplando a posibilidade de incluír a LSE como asignatura optativa para o conxunto do alunado ouvinte. O recoñecemento inclúe tamén a Lingua de Signos Catalana (LSC), aínda que tanto os lingüistas expertos como as persoas xordas concordan en que a LSC non é unha lingua diferente da LSE, senon unha variante da modalidade común sen mais diferenzas de léxico das que poidan existir en Galiza ou en calquer outra parte do Estado. Os xordos de Catalunya defenderon o recoñecemento desta denominación para remarcar o feito diferencial e acadar deste xeito o respaldo dunha clase política catalana que non tería apoiado unha lingua de signos co alcume de “española”, polo que este recoñecemento responde mais a criterios políticos que intrinsecamente lingüísticos; unha situación semellante é a que ocorre coa denominación do Catalán como Valenciano, unha mesma lingua con dúas denominacións en conflito. Porén, pode ser discutíbel a denominación desta modalidade como “española”, máis o certo é que hai unha única lingua común que usan os xordos do Estado, con diferentes variantes, e aínda con moitas semellanzas coa Língua Gestual Portuguesa. O que hai que entender é que a identidade xorda rexese por parámetros diferentes aos das identidades nacionais do Estado Español. Pero alén dos mimetismos forzados entre ambas identidades, o que verdadeiramente importa agora é o que significará esta lei na mellora das condicións de vida das persoas xordas, garantindo o seu acceso a recibir educación na propia lingua. Este anteproxecto ten unha transcendencia histórica que colocará ao Estado Español a carón da Europa máis avanzada en políticas de benestar social en materia de discapacidade. O texto responde a unha das arelas históricas do movemento asociativo e foi valorado con grande satisfacción que se expresou na celebración do Día Mundial das Persoas Xordas o pasado domingo 1 de outubro, con manifestación multitudinaria en Madrid, que este ano estivo marcada por esta conquista social e polo ambiente festivo baixo o lema: “lingua de signos: un idioma de toda a sociedade”. O 19 de outubro, tamén o Vicepresidente da Igualdade e o Benestar da Xunta de Galiza, Anxo Quintana, fixo unha declaración institucional recoñecendo a Lingua de Signos en Galiza, o cal foi saudado con moita ledicia polas persoas xordas do noso País que por primeira vez reciben un recoñecemento deste nivel. Confírmase deste xeito a anunciada revolución tranquila dunha política social que levaba anos atrancada nesta materia. As persoas xordas aspiran tamén a que este recoñecemento figure no novo Estatuto e seguro que o conseguen. Unha sociedade democrática que se precie non pode deixar a unha parte da súa poboación no rego do subdesenvolvemento social e educativo, e tanto este anteproxecto de



**FUNDACIÓN ENCLAVE**

Apartado correos 1915  
36200 VIGO

[www.fundacionenclave.org](http://www.fundacionenclave.org)  
[info@fundacionenclave.org](mailto:info@fundacionenclave.org)

lei coma o recoñecemento institucional da Xunta expresando a vontade firme de garantir o seu uso na educación e noutros eidos da vida cotiá, se son levados á práctica política e aos orzamentos, mudarán a vida de moitas persoas xordas rematando con séculos de marxinación lingüística, cultural e educativa. É unha moi boa noticia con pouca repercusión mediática, pero non por iso menos importante. Comeza unha nova andaina para as persoas xordas e xordocegas, un tempo novo co que levan soñado moitas xeracións de xordos, unha saída ao longo e escuro tunel da súa historia, por iso quero expresar a miña ledicia e os meus parabéns a todos eles.

Novembro 2005. Artigo Publicado en A Nosa Terra

**Xosé Luís Liñares Barbeito** é sociólogo.